# *PREMIO 'SOMOS ESENCIAIS'*

**A iniciativa**

O ***Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia***, en colaboración con ***Gadis***, puxo en marcha en 2021 o **'Premio Somos Esencias'** co obxectivo de facer un recoñecemento do labor dos e das profesionais da comunicación. Trátase dun certame que premia a información social como vehículo condutor entre o que pasa na sociedade e a cidadanía, dando voz aos problemas dos axentes sociais e aos efectos que causan.

A esta convocatoria poden concorrer os traballos de todos os e as xornalistas e fotoxornalistas que publicaron información social en Galicia no último ano.

**1. O certame**

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e Gadis queren manter viva a importancia do labor que os e as xornalistas realizaron e realizan, polo que convocan esta nova edición, baixo o lema *'A información ao servizo da xente'*, na que se quere premiar o mellor traballo informativo de temática social.

**2. As candidaturas e condicións dos traballos**

2.1. Poderán concorrer a este premio todos e todas as xornalistas e fotoxornalistas que publicaran traballos de carácter social en Galicia.
2.2. A presentación poderá realizala o propio autor ou autora, ou ser unha proposta do xurado.
2.3. Os traballos poden ser individuais ou colectivos.
2.4. Poderase presentar calquera traballo xornalístico, en calquera formato ou plataforma profesional, publicado ou emitido durante o ano 2025.
2.5. Cada proposta deberá ir identificada coa autoría, data de publicación e medio.
2.6. Poderase presentar un único traballo ou un grupo de traballos que formen parte dunha mesma serie.
2.7. Non se aceptarán traballos premiados noutros certames.

## 3. Prazos e forma de presentación

3.1. O prazo de presentación de candidaturas remata ás 14.00 horas do martes 12 de maio de 2026.
3.2. As propostas teranse que enviar antes desa data ao correo electrónico do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia: xornalistas@xornalistas.gal.
3.3. Deberase presentar a ficha anexa a estas bases cuberta polo candidato ou candidata, ademais do traballo, que será:
*3.3.1.* En pdf para prensa escrita ou dixital.
*3.3.2.* En formato de imaxe para os traballos de fotoxornalismo.
*3.3.3.* Como arquivo de audio e vídeo no caso de pezas audiovisuais.
*3.3.4.* Sempre que se poida, referenciarase cunha ligazón ao medio ou medios web onde se poida localizar o traballo.
3.4. Só se aceptarán as propostas que entren dentro do prazo de recepción.

## 4. Dotación do premio

4.1. Haberá un único premio de 2.000 €.
4.2. De acordo coa normativa vixente, a entrega do premio constitúe un rendemento suxeito ao Imposto sobre a Renda de Persoas Físicas (IRPF), da persoa perceptora ou perceptores, sometido á correspondente obriga de retención a conta de dito imposto por parte do pagador
4.3. O xurado fará mencións especiais aos traballos que considere oportunos, que recibirán un diploma acreditativo.
4.4. O premio non poderá quedar deserto.

## 5. O xurado

5.1. O xurado estará composto por membros da Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, xornalistas e representantes de Gadis.
5.2. Valorarase a calidade dos traballos en canto á súa rigorosidade e o seu carácter de servizo público.
5.3. O xurado resolverá todas aquelas cuestións que non queden contempladas nestas bases.

## 6. Outras normas

6.1. O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia resérvase o dereito á reprodución, total ou parcial, dos traballos gañadores. Isto non xerará un dereito de contraprestación económica a favor do autor ou autores, pero en todo momento o traballo quedará identificado coa autoría e medio publicado.

6.2. A participación na presente convocatoria implica a aceptación, por parte de cada participante, das presentes bases.

**ANEXO**

| | | |
|---|---|---|
| **PREMIO SOMOS ESENCIAIS**<br><br>**FORMULARIO DE PARTICIPACIÓN** | | |
| *Título* | | |
| *Autor/a* | | |
| *Medio* | | |
| *Data de publicación ou emisión* | | |
| *Ligazón* | | |
| *Datos de contacto* | Correo electrónico: | Teléfono: |